

UN AMOR POR DESCUBRIR

Esta é a unidade didáctica sobre a película *Un amor por descubrir*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado. Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades. Podedes enviar esas modificacións a ofi.normalizacion@vigo.org
Grazas.

Resumo da película

Tony Egan é un respectable granxeiro que vive nunha illa fronte á costa irlandesa. Un día recibe unha carta da súa irmá, da que non sabe absolutamente nada desde vinte anos atrás, na que lle conta que está a morrer e que o seu fillo se dirixe á xunto del, a súa única familia. A chegada de Chad, o seu sobriño, á vila natal da súa nai fai rexurdir un conflito oculto durante anos.

PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

(Para responder algunhas destas preguntas sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise tamén á sala de ordenadores para facer buscas na rede guiadas polo profesor.)

1. Presenta e analiza os personaxes principais e secundarios. Explica a relación que hai entre eles e os motivos que os levan a estar enfrontados a algúns deles.

2. O filme amosa unha historia de amor entre dúas persoas a pesar dos odios existentes entre as súas familias. Se fas memoria, atoparás moitas películas, libros e contos onde se reflicte unha situación semellante. O exemplo máis coñecido é o dunha obra de Shakespeare. Lembras como se chamaba a obra deste escritor que trataba sobre o amor imposible entre os fillos de dúas familias enfrontadas? A historia deste libro ten un final distinto ao que ten esta película. Describe os dous finais. Tamén sería interesante que fixeses algunha busca para coñecer a época na que escribiu o autor, que outras obras escribiu, cal era a temática das súas obras ou que xénero escribía.

3. O tío ofrécelle para ler un libro a Chad, o sobriño, é *Ulises* de James Joyce. Coñeces esa historia? Intenta facer un resumo do argumento.

4. Na película asistimos a un funeral. Cada civilización e cada pobo ten os seus rituais particulares para estas ocasións. No filme reflíctese unha cerimonia irlandesa. Paréceche distinta a forma que temos aquí de despedir os nosos mortos?

Procura na rede información sobre o xeito de despedir os mortos en diferentes países; por exemplo, hai países onde a cor do loito é o branco no canto do negro.

Durante os funerais irlandeses adóitase cantar cancións populares, unha delas é «Danny Boy». Nesta película tamén cantan. Sabes en que lingua? Cantas linguas se falan en Irlanda? Cales son oficiais?

5. No filme aparecen imaxes dun crómlech e Aislín explica o que representa ese monumento, lémbreste?

En Galicia temos exemplos de monumentos semellantes, lembras o nome dalgún destes? Coñeces algún? En internet atoparás moita información relacionada con este tema.



6. Cres que pode estar relacionada presenza do crómlech nese lugar coa escolla da localización para facer voar as cinzas da escena final? Explica por que.

7. A relixiosidade deste pobo irlandés tamén queda patente no filme. En Irlanda hai dúas relixións maioritarias, sabes cales son?

As disputas entre estas relixións levaron á poboación a enfrontamentos que derivaron nunha loita de anos. Que coñeces deste conflito?

8. Un dos personaxes principais, Chad, é o fillo dunha emigrante irlandesa en EE. UU. A emigración dos irlandeses a América desde principios do século XIX foi unha das máis numerosas de Europa. Galicia tamén é un pobo de emigrantes. Busca información sobre a emigración galega por todo o mundo (América, Europa e resto de España): anos, destinos...

9. Fai unha redacción sobre as diferenzas que podes atopar ao vivir nunha gran cidade como pode ser Nova York e unha pequena poboación nunha illa. Recolle os puntos positivos e negativos das dúas opcións.

10. Unha das citas secretas dos personaxes é nun faro. En Galicia temos moitos faros como o que aparece na película, pero sabes para que se empregaban os faros?

Localiza estes faros nun mapa da Ría de Vigo: faro Silleiro, faro de cabo Udra, faro de Cabo Home, faro do Museo do Mar e faro Monteagudo.



11. No filme, a parella de mozos protagonistas fala de «colgar clase» e de «latar». Coñeces máis termos para indicar que 'non asistes á clase'? É curioso como na linguaxe coloquial cada pobo ten as súas propias denominacións para a mesma acción. Fai unha busca por internet a ver se es quen de descubrir como expresan esta idea noutras vilas de Galicia e tamén en España.

12. Debate. Ao descubrir un pouco máis Irlanda despois das buscas na web ou na biblioteca, cres que é un pobo semellante ao galego?